

5 de novembro 2020

O COTSG reclama á Xunta un protocolo para paliar a “grave situación” na que se atopa o Servizo de Atención no Fogar (SAF) pola covid19

- ***O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) reitera, deste xeito, a ausencia de protocolos no eido social nesta crise sociosanitaria e o prexuízo que isto supón para as persoas usuarias***

Redacción, 29-10-20.- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) volve **poñer de manifesto a importancia dos protocolos no eido social para paliar as consecuencias da crise da covid19**. Desta volta, faino tras xuntarse coa comisión específica de Servizo de Axuda no Fogar (SAF), integrada por persoas coordinadoras deste servizo de toda Galicia.

Deste xeito, desde a institución reiteran que **“despois de medio ano de pandemia, non existe un protocolo claro, unificado e específico de procedementos no SAF”**. Nesta liña explican que hai **unha “gran descoordinación” e que cada concello “actúa segundo o que cre conveniente pero sen ter a seguridade de que iso sexa o correcto”**. Do mesmo xeito subliñan que nos primeiros meses non había EPIS dispoñibles no mercado polo que **“as traballadoras acudían aos domicilios co que as empresas lles facilitaban que era, por outra banda, insuficiente”**.

Ademais dos protocolos, desde o COTSG informan de que **“nin sequera existe ningunha indicación de como se debe proceder no caso de que haxa un positivo durante o servizo”**. A Xunta de Goberno explica que **“non hai persoal no mercado laboral para cubrir as baixas que xa hai e as que se van producir no equipo de auxiliares”**.

Polo tanto, desde o COTSG **demandan á Xunta que “estableza canto antes un protocolo único para as actuacións no SAF en relación á covid19”**. A proposta da entidade é que

haxa “unha coordinación entre Política Social, Sanidade, Emprego e servizos de inspección, ademais de consultar órganos especialistas externos como é o caso do COTSG”. No protocolo, explica a Xunta de Goberno **“debe indicarse como proceder nas medidas preventivas, que facer en caso de positivos por covid19 e establecer como prestar o servizo coas maiores medidas de prevención posibles”**. Ademais, dito protocolo debe **“especificar como proceder coas posibles corentenas de traballadoras auxiliares e que facer coas persoas usuarias que, por esa baixa, quedan sen servizo”**.

Ademais, desde o COTSG resaltan que **“non é viable pechar os centros de día sen dar alternativa ningunha e derivar toda esa carga ao SAF”**.

En conclusión, desde o traballo social amosan a súa “preocupación polo futuro incerto do SAF” e sosteñen que é preciso **“actuar con celeridade para evitar moitos contaxios nun ámbito no que as persoas usuarias están, con frecuencia, en grupos de risco”**